

**CONCELLO  
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo dunha praza  
de delineante, oposición libre,  
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 3ª fase**

NÚM. EXPTE.: 47849/220.

**ANUNCIO****O.E.P. 2020-2021-2022, 3ª FASE, DELINEANTE, OPOSICIÓN LIBRE,  
RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS Ó PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, TEST, E  
COMUNICACIÓN DA APERTURA, EN SESIÓN PÚBLICA, DO SOBRE QUE CONTÉN OS  
DOCUMENTOS IDENTIFICATIVOS DOS ASPIRANTES**

O órgano de selección para a provisión dunha praza de delineante, funcionario de carreira, enmarcada no Grupo C de titulación, Subgrupo C1; escala, Administración especial; subescala, técnica auxiliar, O.E.P. 2020-2021-2022, 3ª fase, do Concello de Vigo, sistema de selección oposición libre (bases xerais publicadas no BOPPO 30/08/2024; bases específicas publicadas no BOPPO 31/01/2025), **en sesión do 12/05/2026, acordou resolver as reclamacións** respecto do primeiro exercicio da oposición, cuestionario tipo test, nos seguintes termos:

**“Resolución de reclamacións presentadas ó primeiro exercicio da oposición, tipo test.****1.- Reclamación presentada por Nogueira Alonso, M.L. (doc. 260108663, do 02/05/2026).**a) Reclamación á pregunta 15 do exercicio:

**Motivo:** alega ambigüidade na denominación do cadro de control de capas en AutoCAD. Solicita que se declare a pregunta 15 como nula ou, subsidiariamente, que se acepten como correctas tanto a opción a) como a opción b).

**Acordo do órgano de selección:** tanto na interface como na documentación (manuais en papel, manuais en formato pdf e manuais en liña) do programa Autocad de Autodesk, a denominación do cadro que se usa para o control de capas é inequivocamente o de *Administrador de propiedades de capa*, nas súas distintas versións ao longo dos anos. Pódese comprobar nos seguintes enlaces á documentación oficial de Autodesk nas versións dos anos 2010, 2016, 2022 e 2026, que ao longo dos anos a denominación foi sempre a que se sinala como resposta correcta a) *Administrador de propiedades de capa*.

<https://help.autodesk.com/view/ARCHDESK/2026/ESP/?guid=GUID-04A427DC-85B3-4B90-AA84-6B0F5C017036>

<https://help.autodesk.com/view/ARCHDESK/2022/ESP/?guid=GUID-04A427DC-85B3-4B90-AA84-6B0F5C017036>

<https://help.autodesk.com/view/ARCHDESK/2016/ESP/?guid=GUID-04A427DC-85B3-4B90-AA84-6B0F5C017036>

[http://images.autodesk.com/adsk/files/spanish\\_autocad\\_architecture\\_2010\\_user\\_s\\_guide.pdf](http://images.autodesk.com/adsk/files/spanish_autocad_architecture_2010_user_s_guide.pdf)

Polo tanto, tendo en conta o contido na documentación oficial de Autodesk a resposta correcta é a da opción a), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

b) Reclamación á pregunta 26 do exercicio:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2026 16:15	Páxina 1 de 4
47849-220	CSV: A8BFB7-AD29DH-55225F-PN2GT3-FRZ87G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo dunha praza  
de delineante, oposición libre,  
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 3ª fase**

Motivo: alega erro material no enunciado. A táboa referenciada non existe no decreto citado. Solicita que se declare a pregunta 26 como nula por erro material no enunciado, coa conseguinte revisión das puntuacións de todos os aspirantes, non penalizando a ninguén independentemente da resposta marcada.

Acordo do órgano de selección: efectivamente o Decreto 29/2010 foi modificado mediante Decreto 128/2023, xa que logo, a táboa referenciada na pregunta como A.3.2.2 figura incluída no Decreto 29/2010 en virtude do artigo único do Decreto 128/2023 que modificou a súa redacción. Non se considera necesario mencionar as distintas modificacións que houberon, xa que a aspirante debe coñecer a redacción vixente do decreto.

Polo tanto, tendo en conta a táboa A.3.2.2 na redacción vixente do Decreto 29/2010, a resposta correcta é a da opción c), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

**c) Reclamación á pregunta 27 do exercicio:**

Motivo: alega redacción confusa que non permite unha interpretación unívoca sobre o Estudo Básico de Seguridade e Saúde. Solicita que se revise a pregunta 27 e, no caso de apreciarse a ambigüidade exposta, que se declare nula.

Acordo do órgano de selección: no que atinxe á obrigatoriedade do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico de seguridade e saúde nas obras, é no artigo 4 do RD 1627/1997 onde se sinala dita obrigatoriedade do seguinte xeito:

*1. O promotor estará obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un estudo de seguridade e saúde nos proxectos de obras nos que se dean algún dos supostos seguintes:*

- a) Que o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 75 millóns de pesetas.*
- b) Que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.*
- c) Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.*
- d) As obras de túneles, galerías, conducións subterráneas e presas.*

*2. Nos proxectos de obras non incluídos en ningún dos supostos previstos no apartado anterior, o promotor estará obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un estudo básico de seguridade e saúde.*

Xa que logo, o artigo 4 do RD 1627/1997 de xeito inequívoco establece que nos proxectos de obras non incluídos nos supostos previstos no apartado anterior deste artigo, o promotor está obrigado a que se elabore un estudo básico de seguridade e saúde; é dicir, sen dúbida se corresponde coa redacción da resposta sinalada coa opción c) na pregunta 27.

As respostas sinaladas coas outras opcións non son as correctas de xeito inequívoco, sen que se aprecie confusión nas súas redaccións, e todas elas poden desbotarse como correctas á vista do sinalado no propio artigo 4.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2026 16:15	Páxina 2 de 4
47849-220	CSV: A8BFB7-AD29DH-55225F-PN2GT3-FRZ87G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo dunha praza  
de delineante, oposición libre,  
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 3ª fase**

Polo tanto, tendo en conta o establecido no artigo 4 do RD 1627/1997 a resposta correcta é a da opción c), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

d) Reclamación á pregunta 33 do exercicio:

**Motivo:** alega que a norma preguntada non estaba identificada no temario das bases específicas. Solicita que o Órgano de Selección valore se a Orden TMA/851/2021 estaba suficientemente identificada no temario das bases específicas para ser obxecto de pregunta e, no caso contrario, que declare a pregunta 33 como nula.

**Acordo do órgano de selección:** aínda que é certo que á convocatoria desta praza de delineante provén da OEP dos anos 2020, 2021 E 2022, as súas bases específicas e reguladoras desta convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno local do concello de Vigo na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, e publicadas no BOP Pontevedra núm. 21 do 31 de xaneiro de 2025. Xunto coas bases específicas publicouse o seu temario tamén específico, no que atopamos o tema 29 sobre: *Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.* O termo “lexislación aplicable” empregado no enunciado do tema 29 inclúe toda aquela normativa, tanto estatal como autonómica, que regule as condicións esixibles para garantir a accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, xa que logo, inclúe tamén a orden TMA/851/2021 que ten carácter de normativa básica estatal e está vixente dende xaneiro do ano 2022.

Polo tanto, a teor do exposto a resposta correcta é a da opción b), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.

e) Reclamación á pregunta 34 do exercicio:

**Motivo:** alega que a pregunta admite dúas respostas correctas segundo o artigo 19 da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. Solicita que se declare a pregunta 34 como nula ou, subsidiariamente, que se acepten como correctas tanto a opción c) como a opción d), coa conseguinte revisión das puntuacións de todos os aspirantes.

**Acordo do órgano de selección:** o apartado 1 do artigo 19 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, na súa redacción orixinal, que non sufriu modificacións dende a súa entrada en vigor e que segue vixente, establece que a ordenación do territorio de Galicia realizarase a través dos seguintes instrumentos:

- a) *Directrices de ordenación del territorio.*
- b) *Planes territoriais: 1.º Planes territoriais integrados. 2.º Planes territoriais especiais.*
- c) *Planes sectoriais.*
- d) *Proxectos de interese autonómico.*

Os plans especiais non se atopan entre os instrumentos de ordenación do territorio, mentres que os proxectos de interese autonómico si.

Polo tanto, tendo en conta o contido do artigo 19.1) da Lei 1/2021, a resposta correcta é a da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2026 16:15	Páxina 3 de 4
47849-220	CSV: A8BFB7-AD29DH-55225F-PN2GT3-FRZ87G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO****Órgano selección do proceso selectivo dunha praza  
de delineante, oposición libre,  
O.E.P. 2020, 2021 e 2022, 3ª fase**

opción c), polo que o órgano de selección acorda desestimar a reclamación formulada.”

O que se publica para coñecemento e notificación ós aspirantes e reclamante.

Por último, faise público para coñecemento dos aspirantes que o vindeiro día, 14 de maio de 2026, ás 09:30 horas, no Servicio de Conserxería, planta baixa da Casa do Concello, o órgano de selección procederá, en sesión pública, á apertura do sobre que contén os documentos identificativos dos aspirantes do primeiro exercicio da oposición, tipo test (ID, nome e apelidos e DNI de cada aspirante) do cal, tamén, se realizará a publicación do correspondente anuncio.

Vigo, sinatura electrónica

A presidenta do órgano de selección.- Paula Martínez Vidal

O secretario do órgano de selección.- Secundino Otero Failde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2026 16:15	Páxina 4 de 4
47849-220	CSV: A8BFB7-AD29DH-55225F-PN2GT3-FRZ87G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		